

A ILLA DE CORTEGADA

Por: M.^a Eva Rodríguez Ferreiros

Se vas a Carril
ao mesmo chegar
verás Cortegada
deitada no mar.

E ten moita razón a cantiga, porque xusto en fronte do porto de Carril, no medio da Ría de Arousa, atópase deitada a illa de Cortegada. Illa cativa que case se colle coa man dende a costa e á que se pode chegar polo “Camiño do Carro” aproveitando a marea baixa, pois quedan ao descuberto os arrecifes de “Os Ventos”.




A súa tradición histórica é grande, parece seguro que xa foi mencionada polo xeógrafo romano Plinio o Novo, e sabemos con certeza que nela houbo un hospital anterior ao ano 1334. Este hospital, chamado de Carril, estaba a carón dun pequeno santuario dedicado á Virxe de Cortegada. Entón recollía numerosos devotos que ían en romaría os días 25 de marzo ou o 15 de setembro e polo tanto tamén recollía as doazóns que facían. Sábese que o arcebispo de Vilagarcía, Fernando de Andrade, era un gran devoto da Virxe de Cortegada.

A súa fama milagreira chegou a ser tal, que arredor do 1660 parte dos exvotos ofrendados polos peregrinos, tiveron que ser trasladados á igrexa de Carril, porque na Ermida xa non collían. Non se coñece moi ben o motivo polo que foi abandonado dito hospital, pero sábese que foi en datas posteriores ao século XVIII.

Na costa sur estaba o pobo de Cortegada. Pobo que se mantivo vivo ata finais do XIX, momento en que a provincia de Pontevedra decidiu compra-la illa para regalarlla ao rei Alfonso XIII coa idea de facer un gran pazo que servise como residencia de verán do monarca. O proxecto non chegou a ser unha realidade e a bonita illa de Cortegada quedou convertida nun vedado de caza da Coroa.

A parte norte da illa é hoxe o maior bosque de Loureiros de Europa, por mor da despoboación e das especiais características climáticas da zona. Situada como está, case na desembocadura do río Ulla, recolle gran cantidade de depósitos areosos que fixeron dela unha illa fértil. Aquí acubíllase tamén o Mazarico Galego xunto con outras especies mariñas propias da Ría de Arousa. Sendo ademais un verdadeiro paraíso para os amantes da micoloxía.



Capela da Illa de Cortegada